

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0625	Loxística de almacenamento	2021/2022	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALICIA ALONSO IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A localización do centro nun entorno inmejorable nunha comarca aberta o mar como é a península do Morrazo, que desenvolve a súa actividade principal de faciana o mar, sendo o seu porto como o primeiro de Galicia en capturas e a consolidación como centro de loxística incipiente, asociado con toda a actividade conserveira e a industria auxiliar, fan da rexión un centro con enorme potencial de crecemento e desenvolvemento, de xeito que a adecuación do currículo para oportunidades de emprego e unha atención especial ás novas necesidades das empresas para o novos retos, provoca unha continua adaptación e mellora dos métodos de aprendizaxe e, adaptando formación ás necesidades actuais e futuras. É por iso que se ten un especial coidado na óptima organización da LOXÍSTICA DE ALMACENAMENTO. A medida cos espazos e ubicacións no tecido empresarial téñense que adaptar a novas necesidades, o uso do espazo está a gañar especial importancia derivado do custo da terra. A boa capacidade de xestión proporciona habilidades e oportunidades coa demanda actual, xerando estruturas flexibles e estruturas áxiles. Os futuros profesionais terán a capacidade de xestionar o espazo da forma máis eficiente posible, determinar o mellor sistema para cada caso, tendo en conta o tempo o custo de investimento e amortización.

No que respecta ao grupo de alumnado, tratase de 13 estudantes que no curso 2020/2021 obtiveron, en termos xerais, uns resultados académicos satisfactorios no primeiro curso do ciclo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Regulación legal do almacenamento: normativa aplicable	Estudo do marco legal do contrato de depósito e da actividade de almacenaxe-distribución, analizando a normativa específica para mercancías especiais	24	17
2	Organización do proceso de almacén	Definición e organización dos almacéns. Deseño do edificio e da distribución interior e exterior e xestión do almacenaxe	25	17
3	Xestión de stocks	Estudo e composición dos stocks. A rotación do stock e a xestión de existencias	25	16
4	As mercadorías e os custos de almacenamento	As mercadorías. Recepción e rexistro. Embalaxe e expedición de mercadorías. Variables que interveñen no cálculo dos custos de almacenamento	24	17
5	Tratamento loxístico da mercancía	Valoración de existencias. A ficha de almacén. Operacións de expedición. Estudo do inventario. Análise do concepto de loxística inversa. As devolucións.	25	17
6	Seguridade e control dos procesos realizados no almacén	Estudo das normas de seguridade laboral. Factores de risco. Medidas preventivas de seguridade. Riscos durante o manexo de cargas. Implantación de sistemas de calidade no almacén	24	16

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Regulación legal do almacenamento: normativa aplicable	24

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona a normativa específica do almacenamento recoñecendo as normas de contratación e de tratamento de mercadorías especiais.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as normas que regulan as actividades de almacenamento e distribución.
CA1.2 Aplícase a normativa na formalización do contrato de depósito.
CA1.3 Coméntáronse as normas nacionais e internacionais sobre o almacenamento de produtos.
CA1.4 Analizáronse os aspectos que caracterizan un depósito alfandegueiro, unha zona e un depósito franco, un local autorizado, etc.
CA1.5 Defínense as formalidades e os trámites que deben realizarse nun almacén.
CA1.6 Planifícanse, no almacén, sistemas de calidade homologables a nivel internacional.

4.1.e) Contidos

Contidos
Marco legal do contrato de depósito e actividade de almacenamento e distribución.
Normativa específica para mercadorías especiais: perigosas, perecedoiras, etc.
Réximes de almacenamento en comercio internacional.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización do proceso de almacén	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza o proceso de almacenamento por tipo de actividade e volume de mercadorías, aproveitando optimamente os espazos e os tempos de manipulación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizáronse as condicións e as modalidades dos sistemas de almacenamento segundo diferentes variables.
CA2.2 Estableceuse a secuencia dos subprocesos do proceso loxístico de almacenaxe.
CA2.3 Realizouse o deseño en planta do almacén en función das operacións e dos movementos que haxa que realizar.
CA2.4 Seleccionáronse equipamentos, medios e ferramentas de manutención, segundo as características do almacén e das mercadorías almacenadas, aplicando criterios económicos, de calidade e de servizo.
CA2.5 Aplicáronse métodos e técnicas de aproveitamento óptimo dos espazos de almacenamento.
CA2.6 Utilizáronse métodos de redución nos tempos de localización e manipulación das mercadorías.
CA2.7 Seleccionáronse sistemas modulares de envasamento e embalaxe das mercadorías do almacén.

4.2.e) Contidos

Contidos
Almacén: concepto, clases e tipos de produtos para almacenar.
Plataformas loxísticas.
Deseño de almacéns: Necesidade, capacidade e localización. Organización de actividades e fluxos de mercadorías no almacén: administración, recepción, expedición, almacenamento, movementos, picking, corredores e preparación de pedidos e distribución. Cross
Organización dos almacéns: Medios de manipulación e transporte interno e externo. Análise dos tipos de sistemas de almacenamento: vantaxes e desvantaxes.
Sistemas modulares. Unidades de carga: palés e contedores.
Sistemas de seguimento das mercadorías: terminais de radiofrecuencia, codificación e lectores de barras, etc. Terminais portátiles e sistemas de recoñecemento de voz.
Xestión da embalaxe.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión de stocks	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona as existencias do almacén asegurando o seu aprovisionamento e a súa expedición.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Aplicáronse os conceptos de existencias medias, mínimas e óptimas, identificando as variables que interveñen no seu cálculo e a velocidade de rotación das existencias.
CA4.3 Prevíronse as unidades necesarias de existencias no almacén para evitar roturas de existencias.
CA4.8 Utilizáronse aplicacións informáticas xerais para xestionar as existencias, e específicas para a identificación de materiais, xestión de pedidos, extracción e rexistro de saídas do almacén.

4.3.e) Contidos

Contidos
Custos de almacenamento: variables que interveñen no seu cálculo.
Custo de adquisición.
Custo por unidade almacenada.
Folla de cálculo como ferramenta de procesamento dos datos.
Control económico: control de incidencias; recontos.
Ciclo do pedido de cliente.
Criterios de valoración das existencias no almacén.
Software xeral que integre todos os aspectos do almacén, utilizando procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, cronogramas, etc.
Programas de xestión de compras, almacén e vendas: xestión de artigos, de almacén, de fabricación, de vendas, etc.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	As mercadorías e os custos de almacenamento	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona e controla o orzamento do almacén identificando desviacións provenientes da asignación de custos.	SI
RA4 - Xestiona as existencias do almacén asegurando o seu aprovisionamento e a súa expedición.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determináronse as partidas e os conceptos que cumpra ter en conta para elaborar un orzamento estimativo do servizo de almacén.
CA3.2 Calculouse periodicamente o custo de funcionamento do almacén.
CA3.3 Identifícanse os indicadores ou estándares económicos óptimos: custo por hora, custo por servizo, etc.
CA3.4 Calculáronse os custos de almacén en función da urxencia, os prazos de entrega, a preparación de mercadorías, co-packing, paletización, etc.
CA3.5 Analizáronse as desviacións sobre os custos previstos, identificando a súa causa e a súa orixe, e propuxéronse medidas correctoras de acordo co procedemento establecido pola empresa.
CA3.6 Preparouse o orzamento de gastos do almacén, tendo en conta os custos da actividade e o nivel de servizo establecido, utilizando follas de cálculo informático.
CA3.7 Calculáronse periodicamente os custos de funcionamento do almacén utilizando follas de cálculo informático.
CA4.7 Rexistráronse as altas, baixas e modificacións de produtos (código EAN), provedores, clientes e/ou servizos por medio de ferramentas informáticas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Ciclo do pedido de cliente.
Software xeral que integre todos os aspectos do almacén, utilizando procesador de texto, folia de cálculo, base de datos, cronogramas, etc.
Programas específicos de xestión de almacéns e existencias: xestión de peiraos, de almacéns, de aprovisionamentos e de existencias, elaboración de etiquetas, etc.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Tratamento loxístico da mercancía	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona as existencias do almacén asegurando o seu aprovisionamento e a súa expedición.	NO
RA5 - Xestiona as operacións suxeitas á loxística inversa, determinando o tratamento que haxa que darles ás mercadorías retornadas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícanse os tipos de inventarios e a finalidade de cada un.
CA4.4 Valoráronse as existencias do almacén utilizando diferentes métodos.
CA4.5 Controláronse as existencias do almacén, supervisando o procedemento e as normas establecidas para identificar desviacións do inventario e formular medidas rectificadoras.
CA4.6 Realizáronse as tarefas necesarias para atender os pedidos de mercadorías efectuados polos clientes e a expedición destas.
CA5.1 Analizáronse as actividades relacionadas coa loxística inversa segundo a política de devolución ou acordos alcanzados coa clientela.
CA5.2 Prevíronse as accións que cumpra realizar coas mercadorías retornadas (reparación, reciclaxe, eliminación ou reutilización en mercados secundarios).
CA5.3 Definíronse as medidas necesarias para evitar a obsolescencia e/ou contaminación das mercadorías retornadas.
CA5.4 Aplicouse a normativa sanitaria e ambiental.
CA5.5 Deseñouse a recollida dos envases retornables coa entrega de nova mercadoría, aplicando a normativa.
CA5.6 Clasifícanse as unidades e/ou os equipamentos de carga para a súa reutilización noutras operacións da cadea loxística, evitando o transporte en baleiro.
CA5.7 Clasifícanse os tipos de embalaxes e envases para os reutilizar seguindo as especificacións, as recomendacións e a normativa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Xestión de existencias.
Devolucións.
Custos afectos ás devolucións.
Reutilización de unidades e equipamentos de carga.
Contedores e embalaxes reutilizables.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Seguridade e control dos procesos realizados no almacén	24

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza o proceso de almacenamento por tipo de actividade e volume de mercadorías, aproveitando optimamente os espazos e os tempos de manipulación.	NO
RA6 - Supervisa os procesos realizados no almacén, implantando sistemas de mellora da calidade do servizo e plans de formación e reciclaxe do persoal.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Concretáronse procedementos de prevención de riscos no almacén.
CA6.1 Analizáronse os elementos necesarios para a implantación dun sistema de calidade no almacén, seguindo as pautas da empresa e/ou a clientela.
CA6.2 Previuse a implantación de sistemas de calidade e seguridade para a mellora continua dos procesos e dos sistemas de almacenamento.
CA6.3 Valorouse o cumprimento dos procesos e os protocolos do almacén, partindo do plan ou do manual de calidade da empresa.
CA6.4 Valorouse a implantación e o seguimento da mercadoría por sistemas de radiofrecuencia ou con outras innovacións tecnolóxicas.
CA6.5 Investigáronse os elementos necesarios para asegurar a rastrexabilidade das mercadorías e o cumprimento da normativa relativa a ela, utilizando sistemas de xestión de almacéns.
CA6.6 Fixáronse os obxectivos dun plan de formación tipo para mellorar a eficiencia e a calidade do servizo de almacén.
CA6.7 Detectáronse as necesidades de formación inicial e continua, tanto individuais como do equipamento no seu conxunto.
CA6.8 Utilizáronse programas de xestión de tarefas e cronogramas para controlar as tarefas, os tempos e o persoal, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

4.6.e) Contidos

Contidos
Normativa de seguridade e hixiene en almacéns. Instalacións xerais e específicas.
Sistemas de calidade no almacén.
Aplicación de sistemas de seguridade para persoas e mercadorías.
Plans de formación inicial e continua no equipo de traballo do almacén: obxectivos e métodos de formación. Avaliación de plans de formación.
Novas tecnoloxías aplicadas á automatización e a informatización dos procesos ou subprocessos do almacén.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os sinalados no apartado 4c desta programación para cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Nas avaliacións parciais, aplicaranse as seguintes ponderacións:

- A ponderación de traballos - individuais ou grupais - e actividades prácticas que se realicen na aula será dun 20 % (nota global máxima: 2 puntos).
- A ponderación das probas escritas constituirá un 80 % (nota global máxima: 8 puntos).

No que se refire ao desenvolvemento das probas escritas teranse en conta os seguintes aspectos:

- En cada proba a/o alumna/o será informada/o da calibración das diferentes cuestións (test, preguntas curtas, encher ocios, responder verdadeiro/falso, relacionar conceptos, etc.) e/ou supostos prácticos formulados. No caso de probas que inclúan cuestionarios test, estes poderán ser de resposta única ou múltiple. Así mesmo, poderanse incluír penalizacións no caso de responder incorrectamente ás preguntas formuladas. Non se penalizarán as preguntas non contestadas.
- No caso de que se realice máis dunha proba escrita por avaliación, será preciso que o/a alumno/a obteña como mínimo un 4 para facer media coas demais probas.
- Aqueles/as alumnos/as cualificados/as negativamente nalgunha proba poderán recuperala na proba que se fixe a tal efecto.
- As probas de recuperación dunha avaliación levaranse a cabo na seguinte avaliación, e poderanse celebrar nunha mesma data para recuperar todas as unidades non superadas.
- Se un/ha estudante é sorprendido/a copiando nunha proba ou, no seu caso, manipulando o equipo informático sen seguir as instrucións da profesora, suspenderá a mencionada proba (que será cualificada cun cero) e deberá recuperala na recuperación que se fixe para o grupo.
- A cualificación da avaliación será a nota media das cualificacións das probas escritas (80%), á que se engadirá no seu caso o 20% dos traballos e/ou actividades prácticas realizadas na aula, sempre e cando a cualificación da proba escrita realizada (ou a súa media, no caso de que se realice máis de unha) sexa igual ou superior a 4.
- A cualificación final do módulo será a media aritmética da cualificación obtida nos dous trimestres, sendo necesario ter superadas cada unha das avaliacións parciais para o cálculo da media.
- Nas avaliacións parciais a cualificación será un número enteiro comprendido entre 1 e 10, que se obterá por truncado. Na avaliación final, a media resultante redondearase ao enteiro máis próximo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Con posterioridade a cada sesión parcial de avaliación realizarse un exame de recuperación para os alumnos que non acadasen resultados

positivos. O exame terá as mesmas características que os de cada avaliación con contidos teóricos e prácticos, só que agora se realizarán nun mesmo día. Igualmente, teranse en conta as valoracións da participación na aula, traballos e actividades realizadas na aula.

Os alumnos con algunha avaliación parcial non superada, terán que recuperala nos exames finais a celebrar no último mes de clase.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas, superior ó 10% do total do horario do módulo, perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica, e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades ás que se houberse presentado.

Estes alumnos/as, serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. Para estes/as a nota final, formarase coa nota desta proba obxetiva final, e deberán obter unha cualificación de 5, ou superior, sobre 10 para superar o módulo profesional.

Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final de módulos correspondente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da avaliación na aplicación informática habilitada para o seguimento das programacións. Ao final do ano realizase unha valoración global.

Ao final do curso académico realizarase unha enquisa a través da Aula Virtual entre o alumnado para valorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar, seguindo as instrucións do 30 de xullo de 2020 ditadas pola DXEFPIE relativas ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/21. Inclúirá os seguintes aspectos:

- Observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado
- Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do/a titor/a
- Realización dun cuestionario sobre coñecementos previos.
- Realización dunha sesión específica de valoración dos/as alumnos/as antes de finais de setembro

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atención personalizada na aula.

Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor.

Medidas de flexibilización curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais, esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo, coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática:

- Fomentarse o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, creando grupos de traballo heteroxéneos nos que se valore a participación e a colaboración de todo o alumnado
- Promoverse o espírito emprendedor do alumnado, mediante a formulación de tarefas individuais e grupais nas que teñan que traballar a súa creatividade, iniciativa e a colaboración efectiva.
- Na última unidade do módulo, sobre a seguridade nos almacéns, farase especial fincapé na necesidade da prevención durante o transporte de mercadorías e persoas e promoverase unha actitude responsable no ámbito da conducción.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se fixen no departamento da familia profesional, tales como:

- Realización de visitas a empresas e organismos
- Recollida de información en empresas e organismos públicos.
- Realización de xestións en organismos públicos.
- Visitas a feiras e exposicións de materiais e actividades relacionadas.
- Visita e charla técnica de profesionais do mundo da loxística.

Aínda que dada a situación actual do COVID19, no momento de realizar esta programación vese complicado que se poidan realizar actividades extraescolares fóra da aula, polo que se procurará recibir algunha charla informativa de profesionais do sector loxístico e comercial no centro educativo.

10. Outros apartados

10.1) Medios de difusión da programación

Durante a primeira semana de clase, a profesora dará lectura na aula desta programación e fará referencia ao alumnado de que a programación do módulo estará a súa disposición no momento en que calquera de eles a precise. Soamente terán que solicitala á profesora e esta poñerá a súa disposición as copias que precisen no taboleiro da aula.

10.2) Desenvolvemento de posibles escenarios de formación semipresencial ou a distancia

No caso de que sexa necesario recurrir a escenarios de semipresencialidade ou de educación a distancia con motivo da situación epidemiolóxica provocada pola COVID19 defínense as seguintes premisas para levarlos a cabo:

METODOLOXÍA: Realización de clases en liña empregando os recursos dixitais dispoñibles.

RECURSOS A EMPREGAR: Aplicación de videoconferencia (Webex ou similar), Aula Virtual do centro, Abalar e conta de correo corporativo, apuntamentos e outros recursos didácticos adicionais (vídeos, revistas especializadas, páxinas web, etc.)

ASPECTOS DO CURRÍCULO A ABORDAR: Tratarán de realizarse actividades eminentemente prácticas ou que permitan ao alumnado desenvolver tarefas vinculadas ás competencias profesionais a desenvolver, xunto con explicacións maxistras para a realización desas actividades.

AVALIACIÓN: Sempre que a situación epidemiolóxica o permita, as probas de avaliación realizaranse de xeito presencial. Se a situación non o permite, empregarase a Aula Virtual e /ou aplicación de videoconferencia para a execución das probas.